
Arranca o proxecto NextCESGA

- Actualizado (04.08.2008)

O pasado 1 de Maio de 2008 botou a andar o proxecto NextCESGA que ten como obxectivo principal converter o CESGA nun Centro de Excelencia en Investigación nun futuro próximo.

Para conseguilo realizarase:

- Unha Análise DAFO realizado por un Comité Asesor Externo de destacados expertos na materia.
- Un Benchmarking con outros centros europeos de alto prestixio e nivel.
- A definición dun Plan de Acción para esta transformación.

O proxecto ten unha duración estimada de 1 ano e está financiado polo Sétimo Programa Marco de I + D+ T+ i da Unión Europea.